

XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 26 DE XUÑO DE 2020

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar as actas das reunións ordinaria do día 7 de febreiro de 2020 e extraordinaria do día 8 de xuño de 2020.
2. Remitir á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado a proposta de desenvolvemento da docencia, de necesidades de dotación e de adaptación ao novo calendario do comezo de actividades académicas nas titulacións de Grao en Dereito (incluído o PCEO ADE-Dereito) e de Mestrado universitario en avogacía para o vindeiro curso académico 2020-2021.
3. O calendario académico da Facultade de Dereito para o curso académico 2020-2021.
4. A seguinte delegación de competencias na Comisión Permanente:
 - a) A aprobación das modificacións que procedan no calendario académico da Facultade de Dereito para o curso 2020-2021.
 - b) A aprobación das guías docentes do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía do curso académico 2020-2021.
 - c) A aprobación dos calendarios das probas parciais e finais do Grao en Dereito (incluído o Grao en Dereito do PCEO) e a distribución de aulas do curso académico 2020-2021.
 - d) A designación do tribunal do premio extraordinario do Grao en Dereito correspondente ao alumnado que remate os seus estudos no curso académico 2019-2020 (incluído o Grao en Dereito do PCEO) e a ratificación da correspondente acta.
 - e) A aprobación dos informes do Plan de Acción Titorial do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía do curso académico 2019-2020.
 - f) Aprobación dos informes de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía do curso académico 2019-2020.
 - g) A aprobación do Plan de Melloras do curso 2019-2020.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 26 de xuño de 2020, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 29 de xuño de 2020.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato